XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

<u>Asunto</u>: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 1 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do PSdG-PSOE contra o Concello de Paradela por unha posible infracción do artigo 50.2 LOREX pola difusión dunha publicación nunha rede social (RE 354/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 29 de xaneiro de 2024 o representante xeral do PSdG-PSOE presentou escrito (RE 354/2024) no que formaliza denuncia contra o Concello de Paradela pola difusión dunha publicación alomenos na rede social Instagram e solicita a súa inmediata retirada e a imposición das sancións previstas pola normativa electoral.

   Refírese a que a publicación redirecciona á *#GaliciaFunciona* e que o seu texto é o seguinte:

   "O mellor equipo e o mellor proxecto.
   Un gran equipo con persoas de diversos ámbitos que cren nas oportunidades da nosa provincia e están dispostas a traballar por Lugo e os lucenses.
   Un proxecto baseado en feitos e na experiencia porque
   #Galicia Funciona.
   #LugoConRueda"

2. O 30 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle a denuncia ao Concello de Paradela, aos efectos de formular alegacións (RS 802/2024), extremo que se comunicou ao representante xeral do PSdG-PSOE (RS 803/2024).

3. O 31 de xaneiro de 2024 presentou escrito de alegacións a Alcaldesa- Presidenta do Concello de Paradela, no que refire que este Concello ten contratada a xestión das súas redes sociais á empresa "Brandán Comunicación, S.L.", a cal xestiona tamén as redes sociais doutras entidades e empresas con intereses "*(...) por lo que, como es de suponer, maneja información de todo tipo adecuada a los intereses y demandas de sus clientes.*". Ao respecto desa contratación, sinala que "(...) *el Concello de Paradela tiene conocimiento a través de la citada empresa que ha sufrido un error y durante un breve lapso temporal estuvo en el perfil de Instagram del Concello un vídeo que, efectivamente pertenecía al Partido Popular de Lugo*" e que "(...) *por un error de la empresa al subir el mismo se*

realizó en el perfil que no era. Una vez la empresa percibe el error con carácter inmediato procedió a eliminar el vídeo del perfil."

A Alcadesa reitera no escrito que tratouse dun erro non atribuible a esa entidade local e que excede do seu deber de vixilancia ao ter estado no seu perfil un breve lapso temporal.

Xunto co escrito de alegacións achegouse un documento asinado polo administrador da referida empresa contratista na que recoñece a inserción dese vídeo no perfil de Instagram do Concello durante un breve escaso tempo, atribúe esa circunstancia a un erro producido e asume a responsabilidade da súa empresa.

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 53, parágrafo segundo, da LOREX prohibe desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña electoral a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou inserciónns en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coaliciónns ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central no senso de que «*durante el referido período, las formaciones políticas y las candidaturas no podrán contratar directamente ni a través de tercero, espacios, soportes o sitios para la difusión de publicidad o propaganda electoral, ya se realice en lugares públicos (jardines, plazas, parques, etc.), ya en soportes comerciales de cualquier tipo, sean vallas, muebles urbanos para la presentación de información (mupis), objetos publicitarios iliminados (opis), cabinas, medios de transporte o similares. Tampoco está permitida la inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros soportes en medios digitales*.» (Primeiro.2 da Instrución).

Segundo. A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira

restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral.

Quinto. Neste caso, concorren as seguintes circunstancias: o Concello acreditou documentalmente que a inserción da publicación denunciada na súa rede social Instagram non a efectuou directamente o Concello senón a súa empresa contratista debido a un erro desta; a publicación permaneceu na rede por un breve espazo temporal; a publicación foi inmediatamente retirada pola empresa contratista de xeito voluntario unha vez que se decatou do erro acontecido. Tralo o análise e ponderación de todas elas, esta Xunta Electoral considera que non pode demostrarse que tivera existido por parte do Concello pasividade no seu obrar administrativo ou unha omisión dun comportamento xuridicamente esixible, que poidera determinar a súa responsabilidade nos feitos e a súa vulneración da normativa electoral vixente.

En consecuencia,

ACORDA

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 4 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal